

Nome: ..... Data: .....

	<b>4 Excelente</b>	<b>3 Satisfactorio</b>	<b>2 Axeitado</b>	<b>1 Mellorable</b>
<b>Participación e colaboración</b>	Todas as persoas do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudando as outras.	A maior parte das persoas do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudando as demais.	A metade das persoas do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudándose entre si.	Só unha persoa do equipo (ou ningunha) participou de forma activa nas tarefas propostas e non houbo colaboración nin axuda entre elas.
<b>Distribución das tarefas</b>	As tarefas repartíronse de forma equitativa entre todas as persoas do equipo.	A maior parte das tarefas repartíronse de forma equitativa entre todas as persoas do equipo.	Só a metade das tarefas repartíronse de forma equitativa entre as persoas do equipo.	Houbo un reparto moi desigual das tarefas entre as diferentes persoas do equipo.
<b>Interacción entre as persoas do equipo</b>	Durante a realización de todas as tarefas, as persoas do equipo expresaron libremente as súas opinións e puntos de vista, escoitaron as opinións das outras e foron capaces de chegar a un consenso.	Durante a realización da maior parte das tarefas, as persoas do equipo expresaron as súas opinións con liberdade, escoitaron as outras e foron capaces de chegar a un consenso.	Durante a realización das tarefas, só a metade das persoas do equipo expresaron libremente as súas opinións, escoitaron as das demais e lograron pórse de acordo.	Durante a realización das tarefas, só unha persoa do equipo expresou a súa opinión, non houbo diálogo e terminouse impoñendo a opinión dunha soa persoa.
<b>Asunción de funcións e responsabilidades</b>	As persoas do equipo exerceron moi ben as súas funcións e cumpriron á perfección as súas responsabilidades.	A maior parte das persoas do equipo exerceron as súas funcións e cumpriron coas súas responsabilidades.	Só a metade das persoas do equipo exerceu ben as súas funcións e cumpriu coas súas responsabilidades.	Só unha persoa do equipo (ou ningunha) exerceu ben as súas funcións e cumpriu coas súas responsabilidades.
<b>Suma de puntos</b>				